

CONCELLO DE RIBADEO (LUGO). OS SANTUARIOS MARIANOS DAS VIRTUDES (ARANTE) E DE VILASELÁN.

I. O SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DAS VIRTUDES (ARANTE)

1. CARACTERÍSTICAS XEOGRÁFICAS DO MUNICIPIO E DA FREGUESÍA.

O termo municipal está delimitado por dúas unidades paisaxísticas plenamente contrastadas: no norte por unha penillanura litoral, e no centro e no sur polos cordais prelitorais, que constitúen os mounds de Mondigo. Este concello ocupa unha extensión de 106,2 km² e posúe, segundo o Padrón municipal do ano 2012, unha poboación de 10.061 habitantes, distribuída en 173 entidades de poboación aglutinadas en doce parroquias. As notas dominantes da súa estrutura poboacional son o envellecemento da mesma e o incremento do 9,3% da poboación entre os anos 2000 ao 2012.

A comunidade de Arante está situada no extremo sudoeste do concello ribadense. Posúe unha superficie de 14,09 km² e 246 habitantes (INE. 2007), distribuídos en oito entidades de poboación.. No lugar da Ponte, importante núcleo de peregrinación no camiño norte que leva a Santiago, houbo no século dazaseis un salientable hospital de peregrinos.

2. DESCRICIÓN ARTÍSTICA.

O exterior do santuario amosa na fachada principal un arco de medio punto, un pequeno óculo e unha espadana composta por un corpo e dous vanos. As portas laterais tamén amosan un arco de medio punto.

Con respecto ó interior, este recinto presenta unha nave, un arco triunfal apuntado e unha capela maior. Nesta capela hai un retábulo barroco do século XVIII con dous corpos: no primeiro unha efíxie da Virxe; ós lados pequenos S. Miguel e o anxo da garda pintados ó óleo sobre as táboas do mesmo retábulo. No segundo corpo, aparece a imaxe dun Cristo do século XVIII e unha imaxe popular de Santiago dacabalo sobre peanas. A cadansaeu lado do arco triunfal hai pequenos retábulos igoais dun só corpo,

con frontón. No dereito, imaxe de Cristo do século XVIII e no esquerdo, imaxes de S. Xoán Bautista e S. Antonio dos séculos XVI e XVIII.

Na década dos setenta descubríronse no muro sur do presbiterio unha serie de pinturas ó fresco, destacando polos seus contidos a “fuxida a Exipto”, a “matanza dos Inocentes” e tres temas marianos, que fan mención a Asunción, Coronación e Lamentacións sobre Cristo morto. As representacións marianas amósanse nun panel dividido por baquetós, de grande formato. O seu promotor, D. Pedro Pardo de Aguiar, señor do coto de Samarugo, figura na inscrición que aparece na parte inferior do panel.

3. SITUACIÓN E HISTORIA SOBRE O SANTUARIO.

COORDENADAS U.T.M.

X: 647.467

Y: 4.816.913

Este recinto sagrado está situado no extremo leste da freguesía de Arante, no barrio da Ponte, ó caron do camiño norte de peregrinación a Santiago e antigo camiño real que desde Cubelas, pasando pola Ponte, Vilamariz e Arante, se dirixía cara Lourenzá. Ata o século dazanove non recibe o nome propio de santuario, senón o de ermida. Así, é coñecido como ermida da Nosa Sra. da Ponte e como ermida da Nosa Señora das Virtudes da Ponte, que Xosé M^a Fernández Fernández data de finais do século XIV ou principios do XV.

A ermida da Ponte tiña xa un culto moi arraigado no século dazaseis debido non só á súa situación ó carón do camiño norte de peregrinación a Santiago, senón tamén á influencia que naqueles intres xa adquirira a confraría de devotos da Nosa Sra. das Virtudes.

Á parte deste culto, na parroquia celebrábanse outras festas de carácter mariano: a das Candelas, o dous de febreiro; a da Anunciación, o vintecinco de marzo; a da Asunción, o 15 de agosto e a da Natividade, o oito de setembro. Así mesmo, facíanse ó longo do ano dúas procesións a ermida da Nosa Sra. das Virtudes: a do tres de maio, festa da Invención da Sta. Cruz e a de Pascoa de Resurrección. Na primeira, os fregueses da parroquia acompañaban ó crego e ó que portaba a Sta. Cruz ata a ermida, onde se celebraban as rogacións para que houbera boas colleitas. Na segunda, o crego portaba o Stmo. Sacramento e os seus acompañantes participaban directa ou indirectamente na representación do encontro do Señor coa súa Nai, que tiña lugar no

adro da igrexa. Aínda que a procesión foi suprimida polo estado calamitoso que amosaban os camiños, a escenificación da Semán Santa celebrouse ata ben entrado o século vinte.

4. CONSECUENCIAS DA INVASIÓN FRANCESA NO SANTUARIO.

A finais de xaneiro do 1809, o xeral francés Fournier chegou a Ribadeo con cento cincuenta homes, exisindo ás aldeas dos arredores unha importante cantidade de alimentos. Estes pillaxes motivaron que o fidalgo e alcalde de Sante, D. Melchor Díaz de la Rocha, convocase ós veciños das parroquias de Sante, Vidal, Vilaosende, Cedofeita, Balboa e Coxela para que se opuxesen ós atropelos dos invasores, xa que ninguén estaba seguro da súa propiedade e liberdade. Así foi como este fidalgo, elixido caudillo da sublevación, presentouse no lugar da Ponte con douscentos paisanos, armados con escopetas, fources e outros aperos de labranza para defender o camiño que vai de Mondoñedo a Ribadeo, mentres que outros cento vinte aproximadamente ó mando do señor de Quintalonga, D. Vicente Lamas, defendían o referido lugar, considerado como outro dos enclaves básicos para entrar na vila, formando deste xeito entre ámbolos dous o chamado “Cordón de Ribadeo”.

Ó principio, os franceses sufriron importantes perdas. Non embargantes, e coa chegada de reforzos procedentes de Lugo e Ferrol, entraron definitivamente en Ribadeo. De tódolos xeitos este feito, ó igual que outros que ocorrían simultaneamente noutros puntos da xeografía galaica, propiciaron que o exército francés abandonase as terras galegas.

Este suceso histórico motivou que xurdira a festa das Cruces, que se celebra o luns de Pentecostés no barrio da Ponte, e ten como finalidade conmemorar a victoria obtida sobre os franceses polos paisanos das parroquias ribadenses de Arante, Cedofeita, Cubelas e Obe, e as trabadenses de Balboa, Sante e Vidal durante a guerra da Independencia.

5. A ROMAXE: CRUCES E PENDÓNS PARROQUIAIS

A romaxe comeza cando o crego da parroquia de Arante bendice ós campos en Bestilleiros, lugar de onde parten logo as enseñas de Arante e Vidal en dirección a un dos accesos da ponte sobre o río Grande, agardando no lado oposto ás cruces e pendóns das restantes parroquias. As enseñas da parroquia ribadense de Ove teñen o privilexio

de pasar en primeiro lugar a ponte e entrar coas de Arante e Vidal no interior do santuario para sacaren as imaxes da Nosa Sra. das Virtudes e Santiago Cabaleiro, que van presidir os rituais dos pendóns e da procesión. Logo, ó carón da capela lévase a cabo “o ritual das cruces e pendóns” en homenaxe á advocación da Virxe das Virtudes. Este ritual consiste en que os portadores das cruces e pendóns das devanditas parroquias póñense uns fronte ós outros e comezan a arriar varias veces, primeiro os pendóns e logo as cruces, mentres dan tres pasos cara adiante e outros tantos cara atrás. A continuación, un veciño destas parroquias bandea varias veces consecutivas o pendón que porta, sen que chegue a rozar o chan. A continuación celébrase a procesión, que percorre tres veces os arredores do santuario, para entrar finalmente no seu interior onde se concelebra unha misa solemne. Unha vez rematada a misa, ten lugar a imposición da Virxe por riba da cabeza dos devotos, que cumprimentan este ritual. O poñente recita a seguinte xaculatoria:

***“Cristo vive,
Cristo reina,
Cristo te libre de todo mal. Amén.
A Virxen das Virtudes,
che quite a enfermidade,
che dea a sanidade,
polo poder que Dios ten,
e a Virxen María. Amén”***

Case tódolos anos veñen algúns devotos descalzos ou de xeonllos, que dan unha ou máis voltas arredor da capela e mesmo, por ofrenda, poden axudar a levar a imaxe da Virxe na procesión nalgunha das voltas.

6. OFRENDAS E EXVOTOS.

As ofrendas que máis se utilizan nestes intres son os cartos e as misas. Hai anos, traíanse exvotos de cera, simbolizando total ou parcialmente corpos humanos, e tamén ofrendas en especie, máis estas foron caendo en desuso aínda non hai moitos anos. No século XVI, pasaban de cen os exvotos de cera que podían ofrendarse nun só ano,

referentes a pernas, corpos, brazos, ollos, mans etc. Tamén había xoias, roupas, pan cocido, lino, manteiga, carne de porco e vaca, misas gregorianas etc.

Así mesmo é mester facermos mención do descubrimento dunha pintura ó fresco, de grandes dimensións, levado a cabo neste santuario, logo da última restauración . Trátase dun exvoto mariño, testimonio do agradecemento dun mariñeiro, que amosa os seguintes trazos: nos extremos da ilustración aparecen dúas vilas fortificadas. Unha delas despide unha carabela con tódolos seus aparellos e unha bandeira desplegada a popa. A outra, que aparece no outro extremo da composición, mostra construcións por riba do acantilado e a un bó número de persoas que están esperando pola chegada dunha nave desarbolada por unha tempestade no mar. Vai ateigada de xente. Na beiramar aparece un crego cun libro e outro obxecto de difícil descrición. O seu carón, encóntranse un acólito cunha cruz alzada e unha persoa de xeonllos coas mans dereitas en sinal de súplica. Na parte inferior do exvoto hai unha cartela na que está reflectida a seguinte inscrición.

“Domingo de Carranza e Aguir, capitán da infantería española (...) estivo nesta igrexa de Nosa Señora das Virtudes no ano 1594. No mesmo ano embarcou para as Indias nunha nave (...) Catalina (...) por capitán ó ano seguinte de 1595 en Ca-vo de San Antón (...) e deulle unha tan recia tormenta de furacán e Norte que partiu as dúas árbores, o maior (...) e (trinou) o (...) a nave coas belas lacias (...)Caeu ó mar e véndose en tan grande peligro de morte encomendouse á Virxen Santa María nesta Santa Casa e despois milagrosamente estando afundidos ven (bó) tempo eo mar en bonanza e dalí a nove días despois do trebón andivo máis de duascenas sesenta leguas asta (...) estimaba que era cousa imposible de poder (...) catro (...) que se non fose por milagre tan (...) daquela cidade fose manifesto a todos e sairon en procesión co Santísimo Sacramento (...) Don Gonzalo de Amoeiro de Candía, chantre e Coengo (...) de Mondoñedo (...) a nao un vestido de carmesí, unha lámpara de prata e unha arroba de aceite a Nosa Señora (...) en loubanza e gloria de deus e da sua Santísima Nai. Santa María das Virtudes. Ano Domini 1606.”

Ao rematar os oficios relixiosos, os devotos percorren os distintos postos de venda provistos de obxectos diferentes, os das rosquilleiras e, de teren apetito, comen o polvo

nunha das tabernas ambulantes, para logo retornar, en coche propio ou alleo, ó punto de orixe. Mentres tanto a festa segue con diferentes actos ata a noiteña, que é cando se celebra a verbena.

7. BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, José María.: “La ermita-santuario de Ntra. Sra. da Ponte”, en *Estudios Mindonienses*. Centro de Estudios de la Diócesis de Mondoñedo-Ferrol. Vol. 2. Fundación Caixa Galicia, 1986, paxs. 409-439.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, José María.: *Santuario de Nuestra Señora da Ponte*. Lugo: Graficas Bao, 1986.

I.E.S. “Porta da Auga de Ribadeo”.: *As festas populares no entorno ribadense*. Ribadeo: Consellería de E. e O. U. Programa Sócrates-Comenius. Xunta de Galicia. 2001, páxs. 101-113.

BLANCO PRADO, José Manuel.: A dimensión festiva na mariña ribadense: As Cruces de Arante e a Virxe de Vilaselán, en *Tempos de Festas en Galicia*. T. 1 (Entre os Reis e o mes de Maio), Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006, páxs. 355-367.

LAZÚRTEGUI CUERVO, Antonia.: *40 Historias de Ribadeo*. Lugo: Deputación Provincial, 2000.

VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes, Archivos y Bibliotecas. T. IV, 1980.

8. ILUSTRACIONES



CRUCES PARROQUIAIS NA PROCESI3N DE ARANTE



RITUAL PROCESIONAL



BANDEO DO PENDÓN PARROQUIAL



BANDEO DO PENDÓN PARROQUIAL



EXVOTO SIMBOLIZADO NUNHA PINTURA AO FRESCO, SITUADA NUNHA DAS PAREDES DO SANTUARIO



RITUAL DE CONTACTO SOBRE A ADBOCACIÓN MARIANA



RITUAL DE “POÑER O SANTO”



BANDEO DAS CRUCES PARROQUIAIS



MARCO ESPACIAL DA FESTA DAS CRUCES



BANDEO DOS PENDÓNS PARROQUIAIS

II. A CELEBRACIÓN DA VIRXE DE VILASELÁN.

1. TRAZOS XEOGRÁFICOS DA COMUNIDADE PARROQUIAL.

COORDENADAS U.T.M.

X: 657.643 Y: 4.823.422

A comunidade de Sta. María de Vilaselán está situada no extremo nordeste do concello ribadense. Sus 412 habitantes (INE 2007) se agrupan en 14 entidades. Na actualidade intégranse na vila ribadense barrios desta freguesía, coma os de Lodeira e os Galos. O achádegos máis importante da parroquia é o castro de Louselas non só pola súa extensión, senón tamén pola cantidade de restos que se atoparon nel.

2. DESCRICIÓN ARTÍSTICA DO ESPAZO SAGRADO.

O templo de Vilaselán, onde se conmemora outra festa peculiar da Mariña ribadense, é un edificio do século XVIII construído sobre outro anterior, que amosa unha nave de catro arcos faixa, un arco triunfal, unha capela maior, dúas capelas laterais na banda dereita e unha sancristía con acceso por ámbolos dous lados do presbiterio. A fachada principal contén un sinxelo pórtico sobre columnas.

Na capela maior hai un retábulo neoclásico dourado, dun só corpo, e no seu centro a imaxe da Nosa Sra. de Vilaselán, do século XVII. No presbiterio móstrase unha Virxe de vestir do XVIII cunha coroa de prata. O muro dereito conta cun retábulo barroco de dous corpos, coas imaxes de S. Pedro, S. Bartolomé e S. Francisco, entre dúas columnas e dous estipites. No muro esquerdo álzase outro retábulo semellante, onde se atopan, entre outras, as imaxes da Dolorosa e un Cristo do XVIII.

3. A LENDA DA APARICIÓN DA VIRXE.

Segundo a tradición, a imaxe da Virxe veu do mar e foi atopada por uns mariñeiros no lugar de Agua Doce, preto de Pena Furada. Non obstante, existe outra versión que sitúa o descubrimento nos arredores da capela de S. Miguel, onde se lle sigue facendo unha novena, sendo trasladada a imaxe en procesión dende Vilaselán.

A orixe desta aparición coincide con outras de Virxes, Cristos e santos na costa norte de España nunha determinada época. O Cristo de Candás e a Virxe Blanca de Luarca, imaxes que lendariamente trouxo o mar no primeiro tercio do século XVI, foron dende aquela moi veneradas. Ámbalas dúas procedían dos desordes de herexes e iconoclastas

que habitaban Inglaterra. A Virxe de Vilaselán podería ter a mesma procedencia, aínda que non se pode excluír que o seu encontro estea ligado ó naufraxio dun barco.

4. DEVOCIÓN POPULAR

A festividade da Nosa Señora celébrase o vintecinco de marzo e o segundo domingo de Pascua. O primeiro día únicamente se ofrecen os oficios relixiosos, organizados pola confraría da Virxe de Vilaselán, mentres que na segunda xornada, ademais dos actos propios da igrexa, poden celebrarse tamén os profanos se a comunidade parroquial o estima conveniente.

Nos dous días os devotos -procedentes da mariña noroccidental asturiana e da centro-oriental lucense, así como dalgúns concellos do interior da provincia de Lugo, como Lourenzá, Trabada e Valadouro- veñen pregar a intercesión da Virxe perante unha serie de problemas de índole familiar, como doenzas humanas e conflitos familiares, e mesmo sociais, como conseguir traballo, aprobar uns exames, remediar problemas das drogas etc, ou sinxelamente dar grazas polas peticións concedidas.

Iso motiva que os romeiros cumpran as seguintes promesas: en primeiro lugar oen a misa das doce, oficiada polo crego administrador do santuario, e deseguido participan na procesión que percorre unha parte do adro e os seus arredores, para entrar de novo na igrexa. No desfile interveñen unha serie de elementos, como as diferentes cruces e pendóns parroquiais de Ove, Piñeira e Vilaselán; a imaxe da Nosa Señora, levada nas andas por devotos da parroquia e finalmente o párroco e devotos en xeral, que van xuntos sen distinción de idade e sexo. Hai algúns anos o día que remataba a novena, á que acudían numerosos devotos da freguesía, celebrábase ó anoitecer a chamada *procesión de antorchas*, coñecida deste xeito porque os fieis que participaban nela percorrían os camiños de Vilaselán con candeas acesas.

Trala procesión fanse unha serie de rituais de contacto coa imaxe da Virxe, como o de “poñer a santa”. Realizan esta cerimonia dúas persoas, con cargos de responsabilidade na confraría da Nosa Señora de Vilaselán, quen pasan por riba das cabezas dos devotos senllas pequenas imaxes da Virxe, mentres rezan a xaculatoria en dúas versións que aquí reproducimos. Ós nenos tamén se lles impón por riba das súas cabezas o manto da Virxe.

4.1. XACULATORIAS DE “POÑER A SANTA” EN VILASELÁN

<i>Cristo vive,</i>	<i>Cristo vive,</i>
<i>Cristo reina,</i>	<i>Cristo reina,</i>
<i>Cristo le libre de todo mal. Amén.</i>	<i>Cristo che libre de todo mal. Amén</i>
<i>La Virgen de Villaselán</i>	<i>A Virxe de Villaselán</i>
<i>le dé la sanidad</i>	<i>che dea a sanidade,</i>
<i>le quite la enfermedad,</i>	<i>che quite a enfermidade,</i>
<i>por el poder que Dios tiene,</i>	<i>polo poder que Dios ten,</i>
<i>y la Virgen María. Amén.</i>	<i>e a Virxen de Villaselán. Amén.</i>

No ano de 2005 o párroco introduciu un ritual de contacto ó que lle deu o nome de “besamans”, xa que consiste en poñer a imaxe da Virxe de Vilaselán nun lugar axeitado, para que os devotos lle poidan bicar as súas mans. Este novo rito tenta ser unha substitución do que houbo ata 1999, consistente en bicar “o manto da Virxe” e que tivo que se suprimir por mor do deterioro da súa roupa en contacto cos devotos.

Así mesmo, despois de participar nos distintos rituais, os romeiros entregan ó párroco “uns velóns” -no ano de 2005 uns trescentos- para colocalos acesos nun recanto destinado a tal efecto. Ademais ofrecen misas, que o párroco celebra no mesmo santuario ó longo do ano, e escriben nun libro de sinaturas, que adoita encontrarse no altar central, expoñendo os motivos das ofrendas, con exemplos coma estes:

“Virgen de Villaselán, te pido que nos ayudes en la enfermedad de mi marido. Que todo salga bien y nos des salud a todos y trabajo. Te doy gracias por todas las ayudas”.

“Hola Virgencita, soy Iohana, ecuatoriana, te pido en este día que cuides de mi familia, que está muy lejos, y a mí, junto a mi hermana, que nos des mucha fuerza para seguir luchando. Gracias”.

5. RIQUEZA EN EXVOTOS

Por outra banda, nunhas repisas de madeira situadas no muro esquerdo do presbiterio hai uns exvotos de cera, que representan total ou parcialmente o corpo humano, en sinal de agradecemento dalgúns ofrecidos pola cura de doenzas. Tamén, en ámbolos dous muros do presbiterio, móstranse uns exvotos pictóricos con imaxes de índole profana e relixiosa. Trátase de cadros ó oleo sobre lenzo ou taboa, que os devotos mandaban realizar cando sandaban dunha enfermidade ou saían ilesos dun accidente.

No muro da esquerda os cadros, de principios do século XIX, fan referencia ós Sagrados Corazóns de Xesús e María, a San Antonio, Santa Rita, a Sagrada Familia etc. No dereito represéntase cinco embarcacións, catro delas no medio e medio dunha forte treboada con gran perigo de se ir a pique. En ningunha aparece representación humana nin da Virxe. Por outra banda, das cinco naves catro teñen unha inscrición na súa parte inferior, das que polo menos tres –segundo Fuentes Alende– son importantes por se referir detalladamente á situación do barco, a nomes de accidentes xeográficos, dos capitáns e das súas veciñanzas.

A máis antiga simboliza ó paquebote “Purísima Concepción” no medio dun temporal que tivo lugar o 4 de maio de 1775. Por orde cronolóxica segue a do bergantín “Ana”, do 12 de outubro de 1861, e en terceiro lugar a da corbeta “Albién”, do 10 de decembro de 1872, que fai alusión á salvación da tripulación pola que roga o capitán do bergantín “Flora Paquita”, conforme o texto que se reproduce a continuación.

5.1. TEXTO DO EXVOTO DA CORBETA “ALBIÓN”

“El Bergantín Oriental Flora-Paquita en su último viaje de Rivadeo a Montevideo, en 10 de Diciembre de 1872 capeando un temporal furioso del S.O se hallaba 60 leguas al / O. de Vessant cuando encontró la corbeta Albién yéndose á pique y sus tripulantes rendidos sen esperanza de salvación El Capitán Reinante viendo impotentes los esfuerzos humanos / para lograr salvarlos, buscó en lo divino la protección de esta milagrosa Virgen de Villaselán y por este medio feliz fueron salvados desembarcando en Rivº la noche del 13. / En agradecimiento le dedica este humilde recuerdo á esta sobverana Reyna, amparo y consuelo, refugio y puerto seguro de los navegantes – Montevideo 22 de octubre de 1875”.

O cuarto exvoto menciona ó “City of Paris” e as características que posúe a embarcación, e o quinto únicamente amosa no ángulo inferior dereito a sinatura de “E. González”.

Ademais hai cinco maquetas -Fuentes Alende refírese a seis- que son reproducións de embarcacións antigas. Non amosan ningún tipo de inscrición que permita identificalas ou data-las, agás o número de matrícula nas máis recentes. E outras ofrendas exhibidas no santuario son un reloxo do século XIX, tres fanais do mesmo tempo situados no altar central, unha talla de madeira policromada da Nosa Señora do

Leite do XVIII, unhas xardineiras de prata meneses, un xarrón lacado do XVIII, a cómoda da Virxe de D^a Eudoxia do XIX, tres marcos con fotos do XIX.

Na actualidade aínda hai romeiros que ofrecen fotografías á Virxe escribindo no reverso da mesma o motivo da petición. A linguaxe dalgunha destas dedicatorias responde a un testemuño sentido, coa mestura de expresións galegas e casteláns:

“Virgen de Vilaselán, te recomiendo a miña queridísima filliña e a min que nos libres de accidentes y de malas enfermedades. Aleja la tristeza y vuelva la alegría a nuestra casa. Santa. Bendita. Amén”.

Estes exvotos adoitan deixalos no libro de sinaturas, xa citado, ou senón na parte posterior da imaxe da Virxe.

Todos eses elementos tentan ser, en suma, un reflexo da expresión devocional á Virxe. E o sentir popular quixo perpetuar tamén tan fonda expresión por medio dalgunhas cantigas:

***“Virxen de Villaselán,
danos o ventío en popa,
que somos de Ribadeo
e temos a vela rota”.***

***“Virxen de Villaselán,
dame un ramito de flores,
que con septiembre se van
por el cielo mis amores”.***

6. BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA.

I.E.S. “Porta da Auga de Ribadeo”.: ***As festas populares no entorno ribadense.*** Ribadeo: Consellería de E. e O.U. Programa Sócrates-Comenius. Xunta de Galicia. 2001, páxs. 101-113.

LAZÚRTEGUI CUERVO, Antonia.: ***40 Historias de Ribadeo.*** Lugo: Deputación Provincial, 2000.

BLANCO PRADO, José Manuel.: A dimensión festiva na mariña ribadense: As Cruces de Arante e a Virxe de Vilaselán, en ***Tempos de Festas en Galicia***. T. 1 (Entre os Reis e o mes de Maio), Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006, páxs. 355-367.

7. OS SANTUARIOS MARIANOS DE ARANTE E VILASELÁN: DIVERSIDADE E UNIDADE.

Ambos os dous santuarios son ben coñecidos na Mariña Ribadense e nas terras que a rodean, xa que as súas imaxes de devoción estímense como propiciatorias perante as peticións de índole espiritual e material dos devotos.

As súas orixes baséanse en feitos históricos e lendas. Con respecto ó santuario de Arante, a advocación da Virxe das Virtudes sempre foi considerada avogada contra o pedrazo. Os esconxuros e rogacións para afastar esta adversidade, dende hai séculos, están vencellados a diferentes festividades que tiñan lugar na ermida. Cómpre sinalar que a principios do mes de maio celebrábase aquí a procesión da Santa Cruz, na que se pregaba polas colleitas; a da Pascoa da Resurrección e a do Espírito Santo, que xa se conmemoraba en Pentecostés, e era a festa -segundo documentos do 1560- que máis ofrendas recollía.

Ademais, na celebración das Cruces a Nosa Señora das Virtudes é o aprezado símbolo das comunidades que interviron no evento histórico da guerra contra os franceses. Na escenificación anual deste acontecemento apréciase tamén a deferencia e o respecto que mostran ante a parroquia de Ove as outras seis freguesías. Ese tratamento de prioridade ten a súa orixe nos tempos da invasión napoleónica.. Daquela, a pesar de non pertencer Ove á diócese de Mondoñedo, por ser un priorato da Orde de S. Xoán, dependente da Encomenda de Portomarín, os seus fregueses participaron activamente na loita mantida na Ponte contra a francesada, respondendo de inmediato á solicitude de axuda por parte dos emisarios das outras parroquias.

No que atinxe a Nosa Señora de Vilaselán, a protectora dos mariñeiros nestas latitudes, cómpre salientar os numerosos exvotos anepígrafes (dos que non hai constancia do doante nin da causa da doazón) e mailos votivos (con referencia do doante e a razón do agasallo) que se exhiben no seu templo, reflectindo así os perigos E xunto a tan visibles ofrendas, o santuario garda tamén recordos de afervoadas dedicatorias, poemiñas e cantigas de fonda raigame popular.

En suma, as festas de Arante e Vilaselán son distintas; pero responden a un mesmo sentimento de relixiosidade. As advocacións da Virxe constitúen os eixos fundamentais sobre os que se configura a cohesión interna das dúas comunidades, xa que -segundo di

Lisón Tolosana- presiden formas sociais particulares, modos locais de convivencia e reciprocidade, experiencias cotiáns de traballo e lecer, vivencias acumuladas de crise e sufrimento, etc.

8. ILUSTRACIÓNS DO SANTUARIO DE VILASELÁN



EXVOTO PICTÓRICO



RITUAL DE CONTACTO CO MANTO DA ADBOCACIÓN MARIANA




RITUAL PROCESIONAL



RITUAL DE “POÑER O SANTO”



EXVOTO DUNHA MAQUETA DE BARCO



LIBRO DE FIRMAS DE OFRENDANTES DEL SANTUARIO



ADBOCACIÓN MARIANA DE VILASELÁN
